

Francia non se resignaría a xogar no mundo o rol dunha gran Bélxica. (...). As colonias son a parte que máis cariñosamente se adquiriu e non a menos importante, desta herdanza. Si a República non pode prescindir dunha política europea, oriental, mediterránea, precisa, por razóns análogas, unha política colonial: o que quere dicir que non debemos ser, neste sentido, nin olvidadizos, nin desatentos, por desdén ou por laxitude; senón que debemos ser vixiantes, activos, resolutivos e estar dispostos a facer tódolos sacrificios que demande a necesidade para a conservación dos antigos ou recentes asentamentos, que compitan, a diferentes niveis e baixo as máis diferentes latitudes, contra a expansión do nome francés a través do mundo. Estes sacrificios non sempre tiveron a estima das xeracións actuais: o futuro xa os fará ver os propósitos e os beneficios. Unha política colonial é esencialmente unha política a longo prazo.

(...) É este o momento para Francia de quedarse na casa, e de repregarse sobre ela mesma, e confinarse nunha política sedentaria, unha política ao calor do lume, que marcará no próximo século a persoas golpeadas pola inferioridade ou ameazadas pola decadencia? Nós soñamos para ela outros destinos. Non hai nada que suprimir, nada que desdeñar, nada que abandonar no noso dominio colonial. De feito, debe ser conservado e fecundado, débese estender por todo lugar onde se manifeste que a expansión é o único modo de asegurar a súa conservación.

Alfred Rambaud e Jules Ferry, *Les affaires de Tunisie*, Paris, J. Hetzel, 1882, prefacio.

Para unha mellor comprensión do texto:

Alfred Rambaud foi profesor de Historia na Sorbona, e en 1879 converteuse en director do gabinete de Jules Ferry no Ministerio de Instrución Pública.

- Recorda a figura de Jules Ferry do 1º texto.
- Marca os aspectos que che pareceron máis interesantes sobre como este texto entende as dinámicas colonialistas.
- Busca información sobre o anticolonialismo, cal era o principal colectivo representante desta crítica. En Francia, destacou a labor de Georges Clemenceau, busca información sobre el.
- Por que cres que se refire a Bélxica no principio do texto?